

## O cuarto coas preguntas e respostas

Un cuarto coas paredes totalmente brancas, unha pequena ventá moi alta e unha mantíña. Nada máis acompañaba á soidade do mozo que alí se atopaba. Cando este espertou, tusindo e con dificultade foi o pouco que viu. Xa habituado ao lugar, ergueuse e achegouse á parede máis próxima. Observouna detidamente. Non pareceu quedar convencido polo que pasou a inspeccionar a seguinte parede. Parecía non atopar o que buscaba e seguiu rexistrando, deste xeito, as outras. Cando rematou sentou de novo no chan, quedou mirando para a nada e esperou.

Noutra sala similar, case baleira, atopábase unha rapaza durmindo recostada no chan, pois non había nada máis. De súpeto, sen que a simple vista se vira nada raro, una silueta entrou no cuarto sumido na escuridade da sala e máis da propia noite. Deixou algo preto da rapaza que continuaba durmindo e marchou tan rápido como aparecera. Como ninguén o vira, ninguén sabía nada. Non era o mellor momento para que o viran.

Horas despois, a rapaza espertou do seu profundo soño. Sentiu a mesma sensación de pesadez que o mozo da outra sala. Espreguizouse e mirou á sala con estrañeza.

- Onde estou?- murmurou.

As paredes fixeron que as súas palabras rebotaran e volveran cara ela: “Onde estou, onde estou”. “Eco”- pensou. Dende onde estaba mirou a habitación e fixou a súa vista en algo que lle chamara a atención, aquilo xusto que diferenciaba as estancias de ambos rapaces: unha mesiña.

Achegouse a ela e o único que tiña enriba era un montonciño de roupa nova e un rotulador vermello. Cambiouse e moi tranquila quedou sentada no chan, coma se nada raro estivera a pasar, observando mentres xiraba na man, entre os dedos, aquel rotulador.

Na sala do rapaz todo estaba igual. Todo menos as ganas e a insistencia que poñía en mirar atentamente ás paredes.

- Onde estás?- dixo para si.

Tocou todas as paredes, petou nelas, pasou a man por riba suavemente, escoitou achegando a súa orella... pero:

- Nada, non hai porta ningunha. Polo menos non a atopo. Que raro! Ten que haber algunha. Polo que botouse a durmir, sen saber moi ben que facer, tranquilamente.

Pero a cousa na outra habitación non ía con tanta calma coma na do rapaz...

- NON!!!- berrou a rapaza espertando de golpe.

Respirou fondamente e recordou onde se atopaba: soa, nunha habitación en medio da noite. Ergueuse, aínda alterada. Mirou ao seu redor esperando a que os seus ollos se acostumaran á profunda escuridade. E de pronto reparou no rotulador vermello que aparecera o día anterior misteriosamente. Colleuno e mirouno. E sen pensar en nada máis foi ata a parede, destapouno e comezou a escribir nela.

Escribiu letras soltas polas paredes: E, a, B, H, z, R, u, l, X... Sen sentido visible. Ela seguiu escribindo ata que xa puxo todas as do abecedario. Entón mirou en panorama, todo o que fixera e comezou a riscar letras e rodear outras sen seguir ningún patrón, posiblemente o seu instinto. Cando volveu observar o resultado viu que quedaban unhas poucas letras: a, E, X, o, n, l. Riscou unhas últimas letras e pareceu satisfeita.

- Como era?- se preguntaba mirando ás poucas que quedaban- Como era?

Iluminóuselle unha lucecíña na cabeza e púxose a ordenalas de xeitos diferentes e...

- SI!- gritou convencida- Ese é!

Ficou mirando as letras ordenadas como ela sabía que estaba ben.

- Xela- leu-Xela

Xela era aquilo que conseguira formar coas letras. Pero ela recoñeceu a palabra en canto a viu escrita. Era o seu nome! Antes de velo escrito non o recordaba. En realidade, como puido descubrir cando leu o seu nome, non recordaba nada anterior a espertar naquel lugar. "Agora sei que me chamo Xela, moi ben, pero que fago aquí, cando cheguei e por que non recordo nada?"-pensaba.

O único que sabía naquel momento era o seu nome. Pero comezou a aflorar algo máis no seu interior, foi forte, moi doloroso. Era algo que non podería explicar. Sabía que estaba dalgún xeito vinculado co seu pasado, do que non sabía moito. Aniñouse nunha esquina collendo as súas pernas contra o seu peito e definitivamente comezou a chorar. Pechou os ollos e a súa memoria trasladouna a outro lugar.

Estaba correndo polo bosque mentres ría. Dirixía a mirada para atrás de cando en vez. Debía de ter polo menos uns quince anos, pero parecía tan feliz como unha nena pequeniña xogando. De súpeto detívose e mirou de onde viña. Respiraba fortemente a causa do esforzo pola carreira. Seguiu escudriñando entre a espesura esperando ver saír dela ao seu amigo. Sobresaltouse cando viu pasar rapidamente un cervo. Non era o que esperaba. E de pronto unha sombra veu correndo pola súa dereita e tirouna ao chan. Os dous rapaces puxéronse a rir. Quedaron sentados entre gargalladas e miráronse. Sorriron.

- Por que fas iso?- díxolle Xela

El encolleuse de ombros e respondeulle:

- Que lle vou facer. Escapabas de min. Tiña que collerte.

Erguéronse. Rindo aínda sen parar. Foron camiñando polo bosque de volta as súas casas. E o recordo esvaeceuse pouco a pouco.

Xela volveu á realidade. Unha realidade na que non quería estar. Comenzaba a recordar, ou polo menos iso cría. Debíase a que lembrara o seu nome e iso levoulle a cousas do pasado. Chorou. Chorou, aínda que non soubera moi ben por que.

Na outra sala, na do rapaz, a cousa non era tan dramática, pero si envolvía parte da solución de todo aquilo. Cando el non estaba consciente repetiuse o feito mesmo que ocorrera no cuarto de Xela. Unha silueta entrando na habitación, da nada. O mozo abriu os ollos alertado e viuno. Pero non se moveu. Quedou onde estaba, e viu como a silueta deixaba algo e marchaba. O mozo púxose en pé dun salto e foi tras o que entrara na habitación. Pero non había porta ningunha, simplemente desaparecera. Xa observara mil veces aquela parede, aínda así, rapidamente foi mirar que lle deixara aquel intruso. Un libro. - Un libro? Que significa isto?

Non tiña ningún título e pareceulle totalmente normal cando descubriu exactamente que era aquel libro. Era un álbum de fotos antigo. Abriuno e ollouno. E rapidamente recoñeceu todas aquela fotografías. Era el de pequeno, sabíao. Mais as fotos reflectían a alguén máis, e sen dubidar soubo quen era.

- Xela?- preguntou e máis seguro repetiu: Xela.

As imaxes mostraban, efectivamente, anos pasados nas que estaba el só e outras nas que estaba coa súa amiga de sempre, Xela. Detívose nunha delas. Nela alguén tomara a foto cando el e ela estaba rindo tirados no bosque, entre árbores. Reparou no pé de foto e leuno: Xela e mais Artai no último días xuntos.

Chamábase Artai. Artai? Si, ese era o seu nome. Comezaba a lembrar, todo grazas a aquel álbum. Sorriu, mentres unha lágrima rebelde corría polo seu rostro. E de súpeto caeu na conta. El acabara de ver a aquel que lle deixara o álbum na sala. El viuno entrar, polo tanto xa atopara, sen busca-la, á solución que con tanta insistencia quixera atopar: unha porta, para saír de alí.

Achegouse á parede pola que entrara, pero antes de tocar nada, nin de facer nada, sentou a meditar. Colleu o álbum e ollouno. Cando chegou á última páxina, descubriu algo. Algo estaba escrito. “Ela está contigo agora, e sempre estará.” Sabía a quen se refería. Xela estaba alí, e polo tanto tería que marchar con ela.

Parouse a pensar. Sabía por onde saír, intuía como, pero algo lle dicía que había algo máis que necesitaba saber. Quen estaba a axudarlle? Quen quería que lembrase todo o que esquecera e de onde sacara o álbum? Esas preguntas aínda non tiñan resposta, pero algunha relación tiñan que ter con todo. Antes de marchar púxose a cavilar nisto.

Ergueuse e dispúxose a saír de alí e buscar a Xela. Palpou a parede pola que vira entrar e saír a

aquela persoa. Guiado por un presentimento tocou un lugar exacto da parede, puxo a palma da man e a parede meteuse un pouco para dentro, de pronto abriuse un pequeno oco a súa dereita. Sorriu, colleu o álbum e saíu polo oco.

Xa fóra, os corredores eran dun branco impoluto. Artai apreciou que nas paredes había unhas pequenas entalladuras cada pouco, e supuxo que indicaban as entradas doutras salas coma a que acababa de deixar. Percorreu o corredor lentamente aínda que tiña bastante présa, pero como non quería pasar de largo da sala de Xela, ía con máis coidado.

En ningún caso Xela imaxinaba o que estaba a acontecer fóra. Non imaxinaba que Artai, o seu amigo da infancia, estivera alí e moito menos que estivera a buscala. Ela seguía intentando enlazar os seus recordos que notaba como pouco a pouco volvían a súa memoria. De feito aínda estaba vixente na súa mente o recordo dela e do rapaz xogando polo bosque, intentaba saber como era o seu nome, pero parecía non querer saír.

De súpeto a porta da súa sala abriuse. Unha cabeza asomou. Percorreu coa vista a sala e reparou deseguida en Xela, encollida nun recuncho da sala coas pernas recollidas diante do peito. O rapaz entrou con seguridade pois recoñecera á moza. A rapaza advertira a súa presenza pero non se atrevía a miralo á cara. Tiña medo. Levaba moito tempo soa naquel lugar sen ver ningún outro rostro. O rapaz achegouse a ela e aniñouse diante dela. Sen dicir nada, pois vía o medo nela, achegoulle o álbum. Ela seguiu sen mirar á cara do rapaz e cando viu que deixaba algo ao seu carón non se moveu.

- Cólleo.- díxolle o rapaz

Ela fíxolle caso, aínda que un pouco temerosa colleu o libro. Abriuno e ollou todas aquela fotografías que antes vira Artai. E como el fixera detívose na do bosque, era aquel recordo que tiña. Ela e o seu querido amigo rindo e xogando no bosque. De novo unha lágrima corría pola súa meixela ao recordar aqueles tempos onde todo era perfecto antes de que el a abandonase... Non quería seguir con eses recordos, doían moito. Prefería non lembrar nada a ter en mente esas escenas que semellaban felices pero que gardaban algo doloroso. Leu o pé de foto e caeu na conta.

Levantou a cara e mirou aos ollos do rapaz que seguía observándoa con tenrura.

- Artai?- murmurou. O mozo asentiu riseiro, pero a cara de Xela non expresaba o mesmo.

O rostro de Xela expresaba unha dor moi profunda.

- Marcha e déixame. Non te quero ver.

- Xela, escoita, temos que marchar. Non te preguntaches por que estamos aquí metidos? Por que facía moito que non nos viamos? Por que non recordabas nada? Eu xa o comprendín, tócache a ti agora.

- Non quero sabelo.

- Mira isto que che vou ensinar.

Artai levantouse, colleu o rotulador vermello e foi ata a parede. Viu que estaba escrito Xela e intercalando as letras do seu nome cos dela acabou escribindo Tareixa.

- Quen é Tareixa?
- É quen fixo todo isto, quen nos quitou a memoria, quen nos retivo aquí.
- Por que?
- Xa cho contei fai tempo, pero pensaches que era unha troula. Quérenos para efectuar un sacrificio.
- Un sacrificio? A nós?
- Si, a nós. Antes non o sabía, pero agora xa o comprendín todo. Recordas fai anos, no bosque nolos dous xogando? Recordas que me contaches que viches un cervo? Sabes perfectamente que foi días despois cando marchei. Pero marchei sen avisar por unha razón. Alguén me chamou ao mesmo bosque no que estivemos os dous aquel día. Era un home cun aspecto físico moi imponente. Levaba colgado do corpo a pel dun cervo. Falou comigo, díxome que non tiña por que crelo, pero dixo que eu sabía que o que me ía contar era verdadeiro. Díxome que era de descendencia celta, díxome que era o fillo dun deus celta. Un deus da natureza, dos bosques. Era descendente do deus celta Cernunnos. Contoume que estaba en perigo ata que non soubera como pasar desapercibido dos ollos das druidesas que tiñan vista para todos aqueles fillos mestizos. Eu era un deles. Polo que díxome que debía ir con el e fun. Non puiden facer nada para impedilo, non puiden despedirme de ti. Marchei a un lugar moi estraño, que agora non sabería describirche. Alí fun adestrado, supervisado e coidado por unha tribo celta. Naquel lugar tamén coñecín máis amplamente toda a mitoloxía celta. Aprendín mitos e lendas. Aprendín que algunhas destas druidesas que estaba pendentes de todos aqueles fillos mestizos servían ao deus celta Balor, rei dos demoños. Pero un día estaba a cazar coa tribo e separeime do grupo, e atopeime cunha muller moi fermosa. Enganoume, despois deime conta, fixo que lle contara todo sobre quen era. Era unha das druidesas que servían ao deus Balor. Polo que, levoume xunto co grupo de druidesas e intúo que me borrarón a memoria por se escapaba ou algo, e decidiron acabar comigo por ser descendente dun deus celta e botarme en sacrificio ao seu deus.
- Vaia!- sorprendeuse ela cando Artai rematou- Que fantasioso!
- Diso nada.
- Vale, despois de todo isto que me contas xa sabes por que perdiches a memoria, por que estabas aquí e supoño que esa tal Tareixa era a druidesa que dis que te enganou.
- Iso supoño eu.
- É moita casualidade que coas nosas letras saia o seu nome, non? Aínda así, que pinto eu despois de todo isto que me contas?
- Non caíches da burra?- Xela negou coa cabeza pero pouco a pouco a súa expresión cambiou- Comprendiches, eh?
- Non pode ser... De quen son filla entón?
- Iso non o sei...
- E como soubo de min?
- Pois...- baixou a cabeza avergoñado- penso que cando me arrebatou os recordos, ti estabas neles, e notou o mesmo que notara en min e soubo que ti tamén eras unha mestiza.

Sobreveu un silencio sepulcral.

- Temos que saír de aquí, Xela.
- Ben, estou de acordo. Antes, unha pregunta Artai. Quen pensas que pode estar axudándonos, quen che deu este álbum noso e a min o rotulador?
- Ao mellor son Eles... Non o sei.- ofreceulle a man e collendo o álbum- Vamos.

Sáiron fóra e atopáronse cunha muller fermosa no corredor.

- Onde pensabades ir rapaces?
- Tareixa...- dixo Artai con desprezo.
- Vaia, ao final parece que conseguiches saír ti só de todo isto... Pero non chegaches a pensar que isto- fixo un xesto abarcando todo o seu redor cos brazos- estaba demasiado fácil? Semella que non, de todos xeitos, grazas, acabas de poñelo todo máis sinxelo.- achegouse a eles e collendo a Xela por un brazo e a Artai por outro marcharon polo corredor branco. - Solta, bruxa!- e pegoulle unha patada.

E de socate apareceu unha sombra correndo veloz que levou por diante a Tareixa, deixando libres aos mozos. Un cervo aparecera da nada.

- Cernunnos!!- berrou Artai.

Tareixa berraba intentando soltarse.

- Cernunnos, xa verás cando chegue Balor. Vas ver!

Cernunnos seguiu correndo con Tareixa suxeita a súa cornamenta e levouna ata a parede e fixo que se estampara contra ela con moitísima forza. Cando comprobou o cervo que Tareixa morrera pola arremetida, volveu canda eles. E o cervo transformouse nun home cunha pel de cervo colgada do pescozo.

- Artai, vémonos de novo- saudou e de pronto reparou en Xela e inclinando a cabeza dixo: Filla de Dagda.

Xela respondeu inclinando tamén a cabeza aínda que algo sorprendida.

Cernunnos dirixiuse de novo a Artai:

- Xa sabes a onde debes ir.- el asentiu. E desapareceu sen máis.

Artai e Xela conseguiron saír fóra e unha vez alí, miráronse e sorriron. Non facía falla dicir nada. Os dous se comprendían á perfección. E fundíronse nunha cálida aperta.

**Dagda**